

Concello de Covelo

Expte. n.º: 150/2025

CONSULTA PÚBLICA SOBRE REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE COVELO

O Concello de Covelo ten o propósito de aprobar un regulamento de funcionamento do punto limpo ante a ausencia dunha norma municipal que regule os aspectos fundamentais do seu funcionamento, establecendo, entre outros, a tipoloxía de residuos que se poden levar, as contías máximas de residuos admitidas ou o réxime de infraccións e sancións.

O Artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) determina que con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, efectuarase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, en que se pedirá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca:

- a) Dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) Da necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Dos obxectivos da norma.
- d) Das posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Visto o exposto, sométese á consulta pública a elaboración do devandito regulamento, o que se fai público no portal web deste Concello, establecéndose un **prazo de 20 días hábiles** nos que se posibilita recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas que potencialmente poidan verse afectadas pola norma.

As opinións citadas deberán ser manifestadas mediante escrito dirixido á Alcaldía do Concello de Covelo e utilizando ao efecto o rexistro de entrada do mesmo, en base á seguinte:

MEMORIA

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

O modelo de desenvolvemento actual fai que a nosa sociedade, coas súas actividades diarias, xere gran cantidade de residuos, que contribúen ao esgotamento dos recursos naturais e á deterioración e contaminación do medio ambiente do que formamos parte.

O mantemento sostible do medio que nos rodea é un compromiso que todos estamos obrigados a asumir e que, dentro dos nosos fogares, comporta a esixencia de producir a menor cantidade posible de residuos e tratar, da forma máis correcta, aqueles que non sexa posible evitar. Os cidadáns, cada vez máis concienciados, fan posible a separación en orixe destes residuos domiciliarios para o seu posterior tratamento. Asímesmo, a normativa actual promove a recuperación de todas aquelas materias primas que dalgunha ou doutra forma presenten un potencial de reutilización ou reciclaxe evitando o seu traslado ao vertedoiro e iso na liña establecida polo Directiva Marco de residuos e Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

O Concello de Covelo conta cun punto limpo municipal, instalación de titularidade municipal, destinada á recollida selectiva de residuos urbanos de orixe doméstica na que o usuario deposita os



Concello de Covelo

residuos separados para facilitar a súa valorización ou eliminación posterior.

Tras avaliar o funcionamento do punto limpo, advertíronse diversos problemas, entre outros, en relación á tipoloxía de residuos e cantidades destes depositadas, facéndose necesario establecer unhas normas de xestión que regulen tanto, o acceso ás instalacións, de tal forma que resulte eficiente en canto á identificación da procedencia do usuario, así como a frecuencia coa que se fai uso da instalación, e a natureza (tipoloxía e volume) dos residuos que entran nesta. Coa aprobación do regulamento exposto preténdese dar solución a estas cuestións.

Necesidade e oportunidade da súa aprobación

Debido á falta dunha regulación expresa polo Concello nesta materia e debido á preocupación crecente por asegurar un desenvolvemento sostible, onde a correcta xestión de residuos é unha parte de importancia indiscutible, obxectivo primordial da acción dos poderes públicos a todos os niveis, é necesario regular o seu funcionamento.

Obxectivos da norma

Esta norma ten por obxecto establecer, no marco das normativas europea, nacional e autonómica, as condicións de uso e funcionamento do punto limpo municipal, fomentando a reutilización de produtos e a correcta xestión dos residuos.

Posibles solucións alternativas, reguladoras e non reguladoras.

Para dar resposta aos problemas expostos, considérase como a única alternativa posible a aprobación dun regulamento do funcionamento do punto limpo, xa que o desenvolvemento da lexislación estatal e autonómica por parte das Entidades Locais, ha de levarse a cabo necesariamente a través da potestade regulamentaria municipal, que implica a elaboración de ordenanzas e regulamentos. A alternativa non regulatoria supoñería continuar cunha falta de regulación en aspectos de marcada importancia.

A tal efecto, axúntase como anexo proposta de regulamento.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

O alcalde

Juan Pablo Castillo Amigo

ANEXO

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE COVELO

ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN



Concello de Covelo

O presente regulamento ten por obxecto regular as características e funcionamento do Punto Limpo do Concello de Covelo, de modo que se efectúe unha correcta xestión dos residuos sólidos urbanos reciclables.

O Punto Limpo de Covelo sitúase no lugar de Campo da Feira nº1, 36872 Santiago de Covelo.

A titularidade e competencia do Punto Limpo é municipal e estará regulada de acordo ás disposicións legais que existen sobre a materia.

ARTIGO 2. DEFINICIÓNS

Punto Limpo: instalacións cun equipamento axeitado para a recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de residuos de orixe doméstica que polas súas características non son obxecto habitual de recollida domiciliaria. Estas instalacións son de uso de particulares e pequenos comercios de acordo ao establecido neste regulamento.

Residuos reciclables: aqueles materiais que poden ser reempregables ou reciclados como materia prima, para que mediante un proceso se obteña un produto distinto ou igual ao orixinal.

Xestor autorizado: persoa ou entidade, pública ou privada, que realice calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos. Deberán solicitar a correspondente autorización como xestores de residuos, na Consellería de Medio Ambiente, para a realización de ditas actividades.

Provedor: persoa natural ou xurídica que fai entrega dos residuos reciclables no Punto Limpo.

ARTIGO 3. OBXECTIVOS

Principais obxectivos do Punto Limpo:

1. Recuperar os materiais contidos nos residuos susceptibles de reciclaxe directa, posibilitando un aforro enerxético e de materias primas e unha redución do volume de residuos.
2. Proporcionar aos cidadáns un lugar de depósito para a recollida selectiva de residuos domiciliarios e para a eliminación de residuos que presenten un perigo para o medio ambiente.
3. Buscar a mellor solución para cada tipo de residuo co obxectivo de lograr a máxima valorización dos materiais e o mínimo custo da xestión global.
4. Evitar a vertedura incontrolada de elementos voluminosos que non poden ser xestionados polos servizos convencionais de recollida de lixo.



Concello de Covelo

5. Fomentar a sensibilización dos cidadáns procurando a súa participación e implicación nunha xestión de residuos responsable.

ARTIGO 4. RESPONSABILIDADE

O Concello de Covelo adquire a titularidade dos residuos entregados polo provedor, que destinará á súa eliminación, valorización ou reciclaxe.

O Concello poderá celebrar acordos ou convenios nos supostos que estime conveniente, con empresas privadas acreditadas como xestores autorizados que pola súa magnitude, capacidade técnica e económica resulten beneficiosos para a xestión do servizo.

ARTIGO 5. PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. O Punto Limpo só admitirá residuos domésticos xerados por particulares residentes no concello de Covelo e pequenos comercios ou oficinas que desenvolvan a súa actividade no termo municipal.

2. Prohíbese a entrada de residuos de orixe industrial. Este tipo de actividades deberán xestionar os residuos industriais a través de xestores autorizados pola Xunta de Galicia.

3. Os usuarios poderán acceder a pé ou en vehículo, sendo en calquera caso responsables do uso do devandito vehículo e dos danos e prexuízos que a súa actuación poida causar.

4. No caso de non presentarse persoalmente no punto limpo para a entrega de residuos, a persoa interesada deberá cubrir o Anexo I do presente regulamento que deberá ser entregado á persoa responsable do Punto Limpo previamente a proceder ao depósito dos residuos.

5. O persoal responsable do Punto Limpo controlará a orixe, natureza e cantidade dos residuos depositados.

6. Os residuos recollidos serán periodicamente evacuados ás instalacións de tratamento ou valorización autorizadas nas condicións e períodos de tempo axeitados.

7. O almacenamento de residuos levarase a cabo sen por en perigo a saúde humana e sen utilizar procedementos ou métodos que poidan prexudicar o medio ambiente e, en particular, sen crear riscos para a auga, aire e solo, nin para a fauna ou flora, sen provocar incomodidades por ruído ou cheiros e sen atentar contra paisaxes e lugares de especial interese.

ARTIGO 6. TIPOLOXÍA DE RESIDUOS

No Punto Limpo admitiranse exclusivamente os residuos de orixe doméstica incluídos nos dous primeiros apartados indicados a continuación:



Concello de Covelo

1. Residuos comúns:

- Envases de plástico, metálicos, latas e envases tipo brick.
- Entullos de pequenas obras domiciliarias.
- Madeira.
- Papel e cartón debidamente pregado.
- Residuos voluminosos: mobles, colchóns, etc.
- Restos metálicos domésticos (ferralla).
- Têxtiles.
- Vidro: envases de vidro.
- Cristais: restos de fiestras, vasos, copas, espellos, etc.

2. Residuos especiais:

- Aceites minerais
- Aceites vexetais.
- Filtros de aceite
- Aerosois.
- Envases de residuos perigosos.
- Disolventes, pinturas e vernices.
- Fluorescentes e luminarias de vapor de mercurio.
- Frigoríficos e electrodomésticos con CFC.
- Monitores e televisións.
- Grandes electrodomésticos (lavadoras, secadoras, lavalouza, etc.).
- Pequenos electrodomésticos (Teléfonos, ordenadores e os seus periféricos, xoguets electrónicos, etc.).
- Pilas e baterías.
- Plásticos agrícolas.
- Produtos fitosanitarios.
- Radiografías.
- Tóner ou tinta de impresora.

3. Residuos non permitidos:

- Animais mortos.
- Materia orgánica.
- Materiais explosivos, inflamables ou radioactivos.
- Materiais sen clasificar e residuos non enumerados na listaxe de admisibles.
- Neumáticos e pezas de automóbiles, exceptuando aceites.
- Recipientes moi voluminosos, metálicos ou de plástico que contivesen produtos tóxicos ou perigosos.
- Residuos procedentes de actividades industriais, mineiras ou extractivas.
- Residuos sanitarios: infecciosos, clínicos, biosanitarios, citolóxicos, agullas hipodérmicas e outros obxectos punzantes.
- Medicamentos e os seus envases.
- Uralita.



Concello de Covelo

- Calquera outro residuo non mencionado nas listaxes 1 e 2.

Esta clasificación poderá ser ampliada ou modificada cando o Concello o considere necesario.

ARTIGO 7. CANTIDADES MÁXIMAS DE RESIDUOS

Establécese unha limitación das cantidades máximas admisibles para determinados tipos de residuos e por domicilio do seguinte xeito:

TIPO DE RESIDUO MÁXIMO DIARIO MÁXIMO ANUAL

TIPO DE RESIDUO	Cantidade máxima día	Cantidade máxima ano
Electrodomésticos	3 unidades	6 unidades
Entullos de obra (1)	6 (capachos de 40 litros)	12
Pinturas, disolventes e vernices	20 litros	40 litros
Plástico de invernadoiro	100 m2	100 m2
Colchóns	4 unidades	5 unidades
Mobles	3 unidades (máximo 150 Kg)	5 unidades (máximo 300 Kg)
Madeira	50 kg	150 kg
Plásticos	10 kg	30 kg
Baterías	3	6
Aceite motor	10 litros	35 litros
Restos de poda e xardinería	100 Kg	300 Kg
Pilas	Ilimitada	
Aceite vexetal	Ilimitada	
Aerosois	Ilimitada	
Vidro	50 kg	Ilimitada
Roupa e calzado	10 Kg	50 kg
Televisores	2 unidades	4 unidades
Aparatos eléctricos e electrónicos	5 unidades	10 unidades
Aparatos informáticos	3 unidades	3 unidades

- A) *O Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, establece entre as obrigas impostas á persoa produtora de residuos, a inclusión no proxecto de obra dun estudo de xestión dos residuos de construción e demolición que se produzan nesta, que deberá incluír, entre outros aspectos, unha estimación da súa cantidade, as medidas xenéricas de prevención que van adoptarse, o destino previsto para os residuos, así como unha valorización dos custos derivados da súa xestión que deberán formar parte do presuposto do proxecto. Tamén, como medida especial de prevención, establécese a obriga, no caso de obras de demolición, reparación ou reforma, de facer un inventario dos residuos perigosos que se xeren proceder á súa retirada selectiva e entrega a xestores autorizados de residuos perigosos (p. ex. Uralita).*

No resto dos casos, admitirase unha cantidade equivalente á produción doméstica normal.

No caso de que a capacidade do Punto Limpo se vira comprometida, o Concello podería establecer durante o período de tempo imprescindible, limitacións distintas ás indicadas na listaxe anterior.

ARTIGO 8. PRESENTACIÓN DOS RESIDUOS

Para a recollida dos residuos admisibles, estes deberán presentarse de acordo ás seguintes normas de presentación.



Concello de Covelo

- Papel e cartón: presentarase pregado. As caixas de cartón deberán abrirse e comprimirse para reducir o volume dos residuos. O papel deberá presentarse atado en bolsas ou caixas para evitar o seu espaxamento.
- Vidro, fluorescentes e cristais: deberán presentarse de tal xeito que se evite a súa rotura e poida ocasionar riscos de seguridade para o persoal encargado de manipular os residuos. Os fluorescentes presentarase preferentemente dentro do seu envase.
- Terras e entullos: deberán presentarse en sacos, bolsas de plásticos ou capachos de 40 litros como máximo.
- Aceites domésticos: presentarase en garrafas ou botellas de plástico de 10 litros como máximo e tomarase as medidas necesarias para evitar derrames accidentais. Estes residuos non poderán mesturarse con aceite de maquinaria, motores de vehículos ou aceites de características diferentes.
- Pinturas e vernices: presentarase no seu envase orixinal para permitir a súa correcta identificación e tomarase as medidas necesarias para evitar derrames accidentais.
- Plásticos: presentarase libres de restos orgánicos e debidamente pregados para reducir o seu volume.
- Frigoríficos e electrodomésticos con CFC: depositarase sen que exista rotura do circuíto de refrixeración.
- Roupas e calzado: presentarase en bolsas pechadas.

ARTIGO 9. DOCUMENTACIÓN, REXISTRO E FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO

1. As persoas usuarias do punto limpo deben aportar os residuos previamente separados e depositaralos nos colectores específicos para cada categoría, seguindo as instrucións da persoa responsable do Punto Limpo.

Só se aceptarán residuos de orixe domiciliar, quedando a criterio da persoa encargada do Punto Limpo aceptar ou rexeitar residuos que non estean incluídos na listaxe de tipoloxía de residuos.

Os residuos procedentes da actividade industrial non serán aceptados xa que deben ser xestionados a través de xestores autorizados.

2. As entregas dos usuarios serán anotadas pola persoa encargada nun Libro de Rexistro, que deberá incluír os seguintes datos:

- a. Identificación do usuario mediante a exhibición do seu DNI ou carné de conducir.



Concello de Covelo

- b. Natureza (indicar tamén o código LER) e cantidade dos residuos que deposita.

Adicionalmente o persoal do Punto Limpo poderá requirir ou consultar a seguinte información:

- Acreditación do último recibo de pago das taxas municipais. O persoal do Punto Limpo poderá consultar se o domicilio ou comercio está ao corrente no pago de impostos.
- Licenza de obra menor en obras domiciliarias (entullo).
- Anexo I debidamente cumprimentado (no caso de que a entrega non a faga a persoa titular dos residuos).

3. Así mesmo, tamén se anotará no Rexistro de Saídas:

- a. Natureza, destino e data de retirada dos produtos evacuados.
- b. Incidencias e reclamacións.

4. Todos os datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos poidan ser utilizados para outros fins diferentes aos propios do servizo.

5. Antes de proceder ao depósito dos residuos, cada usuario deberá declarar no posto de control a tipoloxía dos residuos a entregar, co fin de realizar un control de orientación de depósito ou entrega do residuo.

6. A persoa responsable do Punto Limpo indicará a súa aceptación ou rexeitamento de acordo co presente regulamento e supervisará as operacións de depósito para comprobar que se realicen de forma axeitada. As persoas usuarias deberán seguir as indicacións da persoa responsable.

7. A persoa encargada do Punto Limpo tamén supervisará as operacións de recollida de residuos e recibirá un albará da recollida realizada polo xestor autorizado.

8. Os residuos depositados no Punto Limpo pasarán a ser propiedade do Concello do Covelo quedando totalmente prohibida a súa retirada por particulares.

9. As instalacións do Punto Limpo deberán permanecer en boas condicións de hixiene e salubridade pública. Con esta finalidade, os operadores deben controlar o depósito de residuos, evitando a súa caída fóra dos colectores e retirando materiais que dificulten o tránsito dos vehículos. Así mesmo, estableceranse as campañas de desratización, desinfección e desinsectación que se consideren pertinentes.



Concello de Covelo

10. O Punto Limpo estará equipado de acordo ao risco intrínseco da actividade de almacenamento coas instalacións de protección de incendios que corresponda ao tamaño da instalación e características fixadas na normativa. Deberán adoptarse as medidas necesarias para evitar accidentes e os materiais e equipos deberán cumprir as prescricións legais.

11. O destino final dos residuos será xestionado polo Concello de acordo co indicado na lexislación vixente e da forma máis axeitada en función da natureza dos residuos.

12. Non se sobrepasarán as capacidades máximas dos colectores, nin os prazos máximos de almacenamento legalmente establecidos. En caso de saturación dos colectores, non se permitirá o depósito de residuos ata o baleirado dos mesmos.

13. O Concello informará aos cidadáns a través dos medios que estime pertinentes sobre a localización do punto limpo, horario, residuos que se poden depositar, etc.

ARTIGO 10. HORARIO E OUTRAS CONDICIÓNS DAS INSTALACIÓNS

Nas instalacións do Punto Limpo estará dispoñible unha copia do presente regulamento co obxecto de posibilitar a súa consulta a calquera usuario que o solicite.

O horario de apertura do Punto Limpo estará exposto no exterior da propia instalación e tamén poderá consultarse na web do concello ou chamando ao 986 620027.

O depósito de residuos no Punto Limpo por parte das persoas usuarias será de balde sempre e cando se respecten as instrucións recollidas no presente regulamento.

ARTIGO 11. PROHIBICIÓNS

Prohíbese expresamente:

1. Depositar residuos non permitidos por esta norma.
2. Depositar mesturas de diferentes tipos de residuos.
3. Depositar residuos fóra do colector específico.
4. Depositar cantidades de residuos superiores ás indicadas como admisibles por esta norma.
5. Ocultar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
6. Abandonar residuos de calquera tipo fóra das instalacións ou fóra do horario de funcionamento do Punto Limpo.
7. Calquera tipo de incineración de residuos dentro do Punto Limpo.



Concello de Covelo

8. Fumar dentro das instalacións.
9. Subirse ou camiñar por riba dos colectores.
10. Retirar calquera tipo de residuo das instalación do Punto Limpo agás por parte dos xestores autorizados.

ARTIGO 12. INFRACCIÓNS

Calquera incumprimento das normas do presente regulamento considerárase unha infracción que se tipificará de acordo coa natureza do acto en leves e graves.

Considerárase infracción leve:

1. Entregar residuos non procedentes de domicilios particulares.
2. Depositar residuos non establecidos como admisibles na presente ordenanza.
3. Depositar mesturados diferentes residuos.
4. Depositar residuos fóra do colector específico.
5. Depositar cantidades de residuos superiores ás establecidas no presente regulamento .
6. Desobediencia ás instrucións de persoal encargado do punto limpo.
7. Camiñar por enriba dos colectores.

Considerárase infracción grave:

1. Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.
2. Abandonar residuos de calquera tipo fóra das instalacións ou fóra do seu horario de funcionamento.
3. Retirar sen autorización calquera tipo de residuos das instalacións do Punto Limpo.
4. Cometer actos de deterioro grave e relevante dos equipos, infraestruturas, instalacións ou elementos do Punto Limpo.

ARTIGO 13. SANCIÓN

As persoas usuarias que cometan faltas leves terán a obriga de restituír o dano causado ou prohibiráselles a entrega de residuos, podendo impoñérselles unha multa de ata 500 euros.

As persoas usuarias que cometan faltas graves terán a obriga de restituír o dano causado ou



Concello de Covelo

prohibiráselles a entrega de residuos, podendo impoñérselles unha multa de ata 1500,00 euros.

As sancións graduaranse atendendo a:

1. Grao de intencionalidade.
2. Gravidade do dano producido.
3. Grao de malicia, participación e beneficio obtido.
4. Irreversibilidade do dano producido.
5. Categoría do recurso afectado.
6. Natureza do residuo.
7. Reincidencia.
8. Perigo para a saúde e integridade das persoas, animais ou bens.

DISPOSICIÓN FINAL

Unha vez definitivamente aprobado, o presente regulamento entrará en vigor, segundo prescribe o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, aos quince días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra

ANEXO I

AUTORIZACIÓN DE DEPÓSITO DE RESIDUOS NO PUNTO LIMPO

D/D^a

....., con DNI
nº....., con
domicilio
teléfono

SOLICITA lle sexa autorizado o depósito de residuos no PUNTO LIMPO DE COVELO conforme ás seguintes condicións:

TIPO DE RESIDUO	CANTIDADE (Kg)/uds	VEHÍCULO (coche, etc.)	MATRÍCULA

Conductor habitual D / D^a.....



Concello de Covelo

A autorización non será válida se os residuos presentados non son os autorizados pola persoa solicitante do servizo.

A persoa abaixo asinante declara coñecer e aceptar o regulamento pola que se regula este servizo municipal.

Covelo, a de de 20.....

Sinatura

